



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

SÁBADO, 20 DE ABRIL DE 2019

N.º 090

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓN A CORTES XERAIS 2019

XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

M^a DOLORES CRUZ REQUEJO, SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta Electoral Provincial de Lugo, designou como vogais non xudiciais das Xuntas Electorais de Zona desta circunscripción ás seguintes persoas:

XEZ de Lugo: D. JOSÉ RAMÓN VEIGA LAMELAS e Dna. PILAR GARCÍA-PUERTAS.

XEZ de Mondoñedo: D. RAIMUNDO DÍAZ VALCARCE e DNA. MARÍA DEL CARMEN GARCÍA MARTINEZ

XEZ de Monforte de Lemos: D. JOSÉ MANUEL PUGA GÓMEZ e Dna. BELÉN PRIETO ROBISCO.

XEZ de Vilalba: D. JULIO REGO MOURIÑO e D. JULIO ANDRÉS VILLARINO FERNÁNDEZ.

XEZ de Chantada: D. CARLOS FERNANDO LAMELA PÉREZ e D. JOSÉ DANIEL RIGUEIRA FERREIRO.

XEZ de Fonsagrada: Dna. SOLEDAD SIERRA VILLAVERDE e D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ ÁLVAREZ.

E para que conste e se publique no BOP para xeral coñecemento, expido e asino a presente en Lugo a doce de abril de dous mil dezanove.

R. 1139

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO, AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Por acordo da xefa do Servizo Territorial de Lugo, coa data 23/01/2019, iníciase o expediente de extinción por transcurso do prazo concesional do título concesional outorgado a Isidro Rodríguez Loredo no lugar de Cabaleiros, concello de Lourenzá (Lugo). Expediente: DH.A27.2237

Identificación da concesión: Con data 10/11/2003 o presidente de Augas de Galicia resolveu outorgar a Isidro Rodríguez Loredo a concesión dun caudal de auga de 20,8 l/s dunha canle de derivación procedente do río Baos ou Batán, a captar no lugar de Cabaleiros, no concello de Lourenzá, con destino a rega de 0,7165 Ha, (0,8 l/s) e producción de enerxía para elevar o caudal de rega (20 l/s), tramitado coa clave de expediente DH.A27.2237. Coordenadas UTM: x=638.070 y=4.814.650.

O aproveitamento para a rega realiza mediante captación por medio dunha bomba que eleva o caudal de 0,8 l/s para rega dunha canle de derivación procedente do río Baos ou Batán que se almacenan nuns estanques na propiedade do peticionario, dende os que se distribúe a auga para a rega de 0,7165 Ha. A enerxía para o funcionamento da bomba obtense mediante unha turbina pelton, que precisa para isto dun caudal de 20l/s, que se obteñen da citada canle de derivación, devolvéndose estas augas á canle tralo seu uso por parte da turbina. O volume máximo anual é de 655.949 m³. A concesión outórgase por un prazo de quince (15) anos, sendo a data de inicio da concesión o 15/12/2003 e a de finalización o 15/12/2018.

Causa da extinción: por transcurso do prazo concesional segundo o artigo 53 do Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e o artigo 162 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico.

Servidumes: descoñecidas

Iniciación: de oficio mediante acordo da xefa do Servizo Territorial de Lugo do 23/01/2019.

De acordo co previsto no artigo 163.3 do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, sométese ao trámite de información pública o expediente de extinción do dereito sinalado, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen pertinentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, no concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, Lugo, onde estará exposto o expediente de que se trata, dentro do prazo improrrogable de vinte (20) días, contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 11 de abril de 2019.- A xefa do Servizo Territorial de Lugo, Rocío Carreira Carral.

R. 1089

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Visto o disposto na Resolución de 16 de Marzo de 2015, pola que se publica a Resolución de 30 de xaneiro de 2015, na que se dictan instruccions técnicas ós Concellos sobre xestión do Padrón Municipal, así como de conformidade có establecido no artigo 72 do Reglamento de Población e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado polo R.D. 1690/1986, de 11 xullo, na redacción dada polo R.D. 2612/1996, de 20 de Decembro, procederáse a realizar a baixa de oficio nos seguintes términos: “*os Concellos darán de baixa de oficio, por inscripción indebida, a quienes figuren empadroados incumpliendo os requisitos establecidos no artigo 54 deste Reglamento.*”

Visto, que se notifica, a comprobación de residencia así como o inicio do expediente de baixa de oficio do ciudadán con número identificación X5119959N con motivo da comprobación de residencia por parte de este organismo, debido a que se comproba que podería non residir no mesmo.

Visto que nas dúas notificacións enviadas ó seu domicilio coñecido a medio de cartas certificadas con acuses de recibo, foron devoltas, con motivo: *descoñecido*. Visto que o habitante non acode ó Concello no prazo dado para comparecer, e unha vez notificado nos propios documentos enviados,

Tendo en conta o disposto no artigo 44 da Ley 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “*cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación, o medio o que se refire o punto 1 desde artigo, ou ben intentada a sua notificación, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no BOE*”,

RESOLVO:

Primeiro.- Acordar a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, así coma no Boletín Oficial do Estado, abrindo un novo período de 15 días hábiles para a presentación das alegacións e presentación dos documentos e xustificacións que estime oportunos co fin de acreditar a sua situación.

Segundo.- Notificar, segundo o establecido na Resolución de 16 de Marzo de 2015, no seu apartado 5, punto 5.5.4.1, no que se establece: ”*nos casos no que os interesados manifesten a sua disconformidade coa baixa, ou non efectúen alegacions alguhna, unha vez transcorrido o plazo sinalado ó efecto, e en todo caso, cando o cidadán non figure empadroado en ningún municipio, a baixa só poderá levarse a cabo có informe favorable do Consello de Empadronamento*” polo que, unha vez transcorrido o período de alegacións, remitirse o Consello de Empadronamento, toda a documentación que consta no expediente, con fin de que se emitira informe favorable para realizar a baixa de oficio, do habitante con número de identificación Y5119959N.

Barreiros, 08 de MARZO de 2019.- O Alcalde, José Alfonso Fuente Parga.

R. 1090

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19000862 DO 07/02/2019

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑERO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, adoptou o acordo número 1/848, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2016, e nos seu anexo figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

-Grupo A1: escala de administración especial. Número de vacantes: 2 (quenda libre). Denominación: arquitecto/a.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 299, do 30 de decembro de 2016, e DOG número 40, do 27 de febreiro de 2017.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, adoptou o acordo número 6/174, de modificación da oferta de emprego público para o ano 2016, e no seu anexo figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

-Grupo A1: escala de administración especial. Número de vacantes: 2 (quenda libre). Denominación: arquitecto/a.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e DOG número 127, do 5 de xullo de 2017.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o dous de xaneiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o seguinte acordo 6/6 PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OEP 2016)

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a dúas prazas de Arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá tanto polas ““BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017. Ditas bases foron publicadas íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017, como polas bases específicas aprobadas por acordo 6/6 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na sesión do 2.01.2019, que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a dúas prazas de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas ““BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017. Ditas bases foron publicadas íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ás persoas aspirantes nomeadas, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS

a) Denominación das prazas: Arquitecto/a

b) Grupo A (Subgrupo A1)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: Superior

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de grado en Arquitectura ou equivalente.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excma. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma

establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 19,50 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, ténendose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxes e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 18 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadre de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de catro horas.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico que constará de dúas fases: A primeira fase consistirá en realizar dou supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. A segunda fase consistirá en realizar outros dou supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. Ditos supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo dos exercicios correspondentes e estarán relacionados cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obligatorios e eliminatorios cualificaránse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ó disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obligatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PRIMEIRA PARTE

Tema 1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: disposicións xerais; esixencias técnicas e administrativas da edificación.

Tema 2.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: axentes da edificación. Responsabilidades e garantías.

Tema 3.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas de Galicia. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 4.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por R.d. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP. 15/07/97, BOP. 28/12/04 e BOP 18/12/13). Lei 10/2014, de 3 de decembro, de

accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para a edificación.

Tema 5.- Condicóns de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por R.d. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP. 15/07/97, BOP. 28/12/04 e BOP 18/12/13). Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para as urbanizacións.

Tema 6.- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Tema 7.- Normativa sobre protección ambiental en Galicia. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e normativa que a desenvolve.

Tema 8.- Actividades: licenza, comunicación previa, declaración responsable. Decreto 442/1992, da avaliación do impacto ambiental de Galicia, e Decreto 327/1991, do 4 de outubro, da avaliación de efectos ambientais para Galicia. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Decreto 144/2016 polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Regulación segundo a Lei 2/2016 do solo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Tema 9.- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade: plans de ordenación dos recursos naturais; protección de espazos; espazos protexidos Rede Natura 2000.

Tema 10.- Protección contra incendios nos edificios. R. d. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación: DB-SI (seguridade en caso de incendio). R. d. 2267/04, do 3 de decembro, Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 11 .- Condicóns acústicas nos edificios. Real decreto 1675/2008, do 17 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1371/07, polo que se aproba o Documento básico DB-HR (Protección fronte ó ruído) do Código técnico da edificación. Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica. Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia. R. d. 1513/2005, do 16 de decembro, que desenvolve a lei 37/2003, no referente á valoración e xestión de ruído ambiental. R.d. 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 12.- Condicóns de hixiene, saúde e protección do medio ambiente nos edificios. DB-HS (Salubridade) e DBHE (aforro de enerxía) do Código técnico da edificación. Certificación da eficiencia enerxética dos edificios. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 13.- Seguridade estrutural nos edificios. DB-SE de Código técnico da edificación.

Tema 14.- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia: proceso de edificación. A vivenda protexida. Incidencia no planeamento municipal.

Tema 15.- Lesións e danos nos edificios. Análise e diagnóstico. As medidas de impulso á rehabilitación, a obrigatoriedade da inspección técnica de edificios. As ordes de execución e as ruínas. Aplicación no concello de Lugo. Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.

Tema 16.- O Código técnico da edificación, obxecto, ámbito de aplicación e estrutura del.

Tema 17.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Disposicións xerais. Contratos do sector público.

Tema 18.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Partes do contrato. Órgano de contratación. Contratista: capacidade e solvencia. Clasificación, prohibicións para contratar. UTE.

Tema 19.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Expedientes de contratación: Tramitación, Pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas. Procedemento: aberto, restrinxido e negociado. Contratos menores. Selección do contratista e adxudicación. Mesa de contratación. Formalización.

Tema 20.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción. Cesión e subcontratación.

Tema 21.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de obra: Actuacións preparatorias. Proxectos de obra: contido. Supervisión e replanteo do proxecto. Execución do contrato de obra: comprobación de replanteo, medicións de obra, certificacións de obra, pago do prezo.

Tema 22.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Modificación do contrato de obra. Excesos de medición. Extinción por cumprimento: acta de recepción,

ocupación de obra, certificación final, liquidación do contrato e Prazo de garantía. Extinción por incumplimiento: resolución do contrato de obra e efectos.

Tema 23.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de servizos para redacción de proxecto e dirección de obra: Subsanación de erros e responsabilidade por defectos ou erros de proxecto. Responsabilidade da dirección facultativa durante o prazo de garantía.

SEGUNDA PARTE

Tema 24.- Seguridade e saúde da aplicación ás obras de construcción. R. d. 1627/97.

Tema 25.- Residuos na construcción e demolición. Real decreto 105/2008. Aplicación no concello de Lugo. Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Tema 26.- Instalacións comúns nos edificios

Tema 27.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Disposicións xerais. Desenrolo, execución e xestión do plan especial.

Tema 28.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Condicións de protección do patrimonio histórico e ambiental.

Tema 29.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Tipificación das actuacións de edificación

Tema 30.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Regulación do patrimonio arquitectónico.

Tema 31.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Normas xerais da edificación. As licenzas municipais.

Tema 32.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Normas particulares de zona. Ordenanzas especiais.

Tema 33.- Os proxectos sectoriais. Lei 10/1995, do 23 de novembro. Decreto 80/2000, do 23 de marzo. O parque empresarial das Gándaras. Directrices de ordenación do territorio.

Tema 34.- Lexislación sectorial aplicable ó concello de Lugo en materia do patrimonio cultural.

Tema 35.- Lexislación sectorial aplicable ó Concello de Lugo en materia de estradas, ferrocarrís, augas e infraestruturas. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 36.- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: Valoracións. Disposicións xerais; conceptos e criterios xerais para a realización das valoracións.

Tema 37.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo rural.

Tema 38.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo urbanizado.

Tema 39.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: das indemnizacións e gastos de urbanización.

TERCEIRA PARTE

Tema 40.- Lexislación estatal de solo: principios. As condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais da cidadanía.

Tema 41.- Lexislación estatal de solo: bases do réxime do solo.

Tema 42.- Lexislación estatal de solo: función social da propiedade e xestión do solo.

Tema 43.- Lexislación estatal de solo: expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial.

Tema 44.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Disposicións xerais: Principios xerais. Competencias e organización administrativa.

Tema 45.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo urbano.

Tema 46.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo de núcleo rural.

Tema 47.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo urbanizable. Usos e obras provisionais.

Tema 48.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo rústico.

Tema 49.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Os instrumentos de ordenación urbanística: clases e obxectivos. Disposicións xerais sobre o planeamento: límites de sustentabilidade e calidad de vida e cohesión social. Normas de calidad ambiental e paisaxística.

Tema 50.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Procedemento para a elaboración e aprobación do planeamento urbanístico. A vixencia e modificación dos plans urbanísticos. A suspensión de licenzas. Ordenación urbanística que afecte a varios concellos. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

Tema 51.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

O Plan xeral de ordenación municipal: Disposicións xerais. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal: Os plans parciais e especiais.

Tema 52.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Os proxectos de urbanización: disposicións xerais, relación co planeamento, contido, procedemento de aprobación, proxectos de obras ordinarias previos ao proxecto de urbanización en parcelas dotacionais públicas. Execución e conservación de obras de urbanización. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 53.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Xestión e execución do planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbano no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 54.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Xestión e execución do planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbanizable no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 55.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Outras figuras de planeamento. Convenios urbanísticos. Normas de aplicación directa. Estudos de Detalle. Catálogos.

Tema 56.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Execución do planeamento urbanístico. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de ejecución. Regras xerais para a equidistribución.

Tema 57.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Sistemas de actuación.

Tema 58.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016; Ordenanza reguladora das comunicacións de obras menores no concello de Lugo (BOP núm. 77, 4 de abril de 2013):

Intervención na edificación e uso do solo. As licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Procedemento de outorgamento de licenzas e de tramitación das comunicacións previas. Prelación de licenzas. Caducidade. Incumprimento dos prazos de edificación. Modificacións, supostos de incumprimento e caducidade das licenzas. As licenzas parciais. As parcelacións.

Tema 59.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Procedemento. Executividade e execución forzosa. Declaración de ruína. Clases e procedemento para a súa declaración. Perigo inminente. Rexistro de soares. Venda forzosa. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 60.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Disciplina urbanística. A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen título habilitante en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante. Suspensión e revisión das licenzas. Protección da legalidade en zonas verdes, espazos libres, viarios, dotacións e equipamentos públicos. Protección da legalidade no solo rústico. Infraccións e sancións.

Tema 61.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Disposicións xerais. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 62.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Réxime dos usos.

Tema 63.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de edificación.

Tema 64.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de urbanización.

Tema 65.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de protección.

Tema 66.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Protección do patrimonio cultural.

Tema 67.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Zonas de ordenanza.

Tema 68.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no Concello de Lugo ao Réxime do solo de Núcleo Rural (Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Plan Xeral de ordenación Urbana do 1990 BOP núm. 106, 12 maio 1993):

Normas particulares solo de Núcleo rural. Ordenanza. Áreas de Expansión. Aplicación.

Tema 69.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no Concello de Lugo ao Réxime do solo Urbanizable (Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Plan Xeral de ordenación Urbana do 1990 BOP núm. 106, 12 maio 1993):

Normas particulares solo Urbanizable. Solo Urbanizable Delimitado e solo Urbanizable non delimitado.

Tema 70.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no Concello de Lugo ao Réxime do solo Rústico (Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Plan Xeral de ordenación Urbana do 1990 BOP núm. 106, 12 maio 1993):

Normas particulares solo rústico. Zonas de Ordenación.

Tema 71.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Memoria de ordenación. Obxectivos e criterios da proposta. Descripción da ordenación proposta. Sistemas xerais dotacionais: os equipamentos e zonas verdes.

Tema 72.- Ordenanza municipal de Protección Ambiental BOP núm. 139 do 19 xuño de 1995.

7º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

8º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñe-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuzo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente. "

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto se prezuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente ao seu dereito.

Lugo, 11 de abril de 2019.

R. 1091

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19002637 DO 01/04/2019

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto 17011339 do 26 de decembro de 2017, se resolveu convocar proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade a unha praza de Axudante de cociña-limpeza, (incluída na oferta de emprego público para o ano 2015), pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, reservada a discapacidade intelectual, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 23/720 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017 como polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013 e 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integralmente BOP de Lugo número 099, do 2.5.2017.

Dito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 034, de 10 de febreiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no "Diario Oficial de Galicia" núm. 73, de 16 de abril de 2018, e anuncio no "Boletín Oficial do Estado" núm. 311, de 26 de decembro de 2018.

Á vista do Decreto número 19000546 do 25/01/2019, publicado no BOP da provincia de Lugo Núm. 044 do 21 de febreiro de 2019, mediante o que se aprobou a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) do proceso selectivo obxecto desta convocatoria.

Visto que con data 8 de marzo de 2019 rematou o prazo de presentación de emendas de participación no mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE**:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 17011339, do 26 de decembro de 2017, para o acceso en propiedade a unha praza de **Axudante de cociña-limpeza** pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, reservada a discapacidade intelectual, que se indica a continuación:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
ADRIÓ MOURIZ, ALBA	***581N
BAAMONDE CES, MARÍA DOLORES	***705A
NÚÑEZ GONZÁLEZ, LUCÍA	***783C
PÉREZ ÁLVAREZ, BEGOÑA	***628J
PÉREZ GARCÍA, MIRTHA	***629F
POMBO VIDE, PURIFICACIÓN	***389W
SÁNCHEZ TABOADA, ALEJANDRA	***798D
TORRES SILVA, MARÍA DEL CARMEN	***516X

EXCLUÍDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
GARCÍA LÓPEZ, LOURDES	***082C	Solicitude presentada fóra de prazo. Non achega fotocopia do DNI. Non accredita estar en posesión da titulación requirida nin accredita anos de escolarización obligatoria.
PRADOS FERNÁNDEZ, VIRGINIA	***053Z	Non achega xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
RODRÍGUEZ ARIAS, JESÚS	***745J	Non achega fotocopia do DNI. Non accredita estar en posesión da titulación requirida nin accredita anos de escolarización obligatoria. Non achega xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
VÁZQUEZ ARGEREY, ESTEFANÍA	***728Q	Non accredita estar en posesión da titulación requirida nin accredita anos de escolarización obligatoria. Non achega certificado que accredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da praza.

5.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Paradela (Lugo), en horario de 9:00h a 14:00h de luns a venres, poderanse así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A/os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Paradela, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao Concello de Paradela (982541232) ou correo electrónico concello.paradela@eidolocal.es, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

6.ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de un (1) mes, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web www.paradela.es, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do tribunal cualificador.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulta que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionaria/os de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un da/os cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un/ha funcionaria/o de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretaria/o: a/o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionaria/os de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal garantírase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

A/os membros dos tribunais deberán abstirse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura da/o secretaria/o e co visto e prace da/o Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por mayoría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzán para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

Consistirá en dúas fases:

1) FASE DE OPOSICIÓN: PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respuestas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarse de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,50 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

A/o aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

2) FASE DE CONCURSO:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición, só aos aspirantes que superasen a fase de oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. O baremo de méritos fixase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establecese en seis (6) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a.) Experiencia profesional. Máximo tres (3,00) puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Paradela, os cales únicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo subscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo. Para acreditar estos traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

b.) Formación. Máximo un (1,00) punto:

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

-Cursos de 10 a 40 horas: 0,25 puntos.

-Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos.

-Cursos de máis de 100 horas: 1,00 punto

c.) Idiomas: A puntuación máxima para este apartado é de un (1,00) punto.

Valorándose os coñecementos nos seguintes idiomas: Inglés, Alemán, Francés, Italiano e Portugués. Acreditándose con certificación de centros de ensino oficiais ou homologados, e tendo en conta o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, no caso de ser a titulación expedida por unha entidade estranxeira deberase achegar tradución oficial en lingua castelá ou galega.

-Nivel B1 ou equivalente: 0,50 puntos por idioma.

-Nivel B2 ou equivalente: 0,75 puntos por idioma.

-Nivel C1 ou equivalente: 1,00 puntos por idioma.

No suposto de acreditar dous ou máis niveles do mesmo idioma, soamente puntuará o máis alto.

d.) Coñecemento do idioma galego. Máximo un (1,00) puntos. Computándose unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so pos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

- Celga 1: 0,25 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos.
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiou e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

9. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

O exercicio realizarase no prazo máximo de vinte (20) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres (3) días naturais de antelación, como mínimo, o comezo do exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realice o exercicio.

A/os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir,etc), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

A/os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición a/os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificados e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

A/os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo convuntamente, estarase ao resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases oposición e concurso, en caso de empate de puntuacións resloverase a favor dos aspirantes que acadan maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resloverase a favor dos aspirantes que acadan maior número de puntos no primeiro, segundo, terceiro e cuarto apartado, sucesivamente da fase de concurso. Se persiste o empate, resloverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizou o exercicio, a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), os aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación ao Sr. Alcalde-Presidente, que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización do correspondente contrato laboral.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura do posto cando se produza renuncia da/o aspirante primeiramente seleccionado ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato.

A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración da contratación obxecto do procedemento de selección de 1 Informador/a turístico.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A/o candidata/o proposto para seren contratada/o deberá achegar no prazo máximo de 2 días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

- a) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- b) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a/o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuér a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4^a, non poderá ser contratada/o sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación pola/o interesada/o, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizará o contrato de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 3 meses e 15 días, a xornada completa, vinculado ao Convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés-anualidade 2019.

11. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantes actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/os interesada/os nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Paradela. Termo municipal. Datos de interese do municipio (Recursos turísticos, monumentos e historia). Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2

Coñecementos xerais do Camiño de Santiago.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN/HA (1) POSTO DE TRABALLO DE INFORMADOR/A TURÍSTICO DO CONCELLO DE PARADELA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D/ª.....provisto/a de D.N.I. nº.....con enderezo na
 R/.....nº.....piso.....C.Postal.....Localidade.....
 Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Paradela para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de un/ha (1) posto de traballo de Informador/a turístico do Concello de Paradela en cumprimento do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os Concellos Galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés, por un período de tres meses e 15 días, no exercicio 2019.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

-no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello do Paradela para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web www.paradela.es, lugar de realización dos exercicios e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicita/o ser admitida/o a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TCHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- Titulación:
- Acreditación do coñecemento do Camiño de Santiago.
- Permiso de conducción en vigor tipo B.
- Relación-anexo III dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base oitava.

....., dede 20....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámosslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicitanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámosslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámosslle que o responsable do tratamiento e destinatarios da información é o CONCELLO DE PARADELA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamiento, para solicitar más información sobre o tratamiento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidad de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en C/ Cabaleiros de Santiago, 15. 27611. Paradela. LUGO ou a través do correo dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org.

ANEXO III.- RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS.

•

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como Informador/a turístico para a atención e información ao peregrino.				
Categoría	Administracións Públicas/Entidades privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data inicio	Data Remate

FORMACIÓN		
Denominación	Centro impartición	Duración

IDIOMAS	
Denominación	Centro impartición

IDIOMA:GALEGO	
CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN	

Data:**A/o solicitante****Asdo:**

Paradela 11 de abril de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 1092

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **4 de abril de 2019** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de marzo de 2019**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 4 de abril de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1093

XOVE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2.019, en sesión ordinaria celebrada o quince de abril de 2019, e documentación que se acompaña, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles- que empezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Xove, a 16 de abril de 2019.-O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1142

Anuncio

Con data 18 de febreiro de dous mil dezanove aprobouse inicialmente polo Pleno desta Corporación a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL DE XOVE E INSTALACIÓNNS ANEXAS.

Téndose exposto o acordo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 48 de 26 de febreiro de 2019 e transcorrido o periodo de exposición pública sen terse producido ninguna reclamación segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo provisional, procedéndose á publicación, en virtude do apartado 2 do artigo 70 da antedita Lei 7/85, de 2 de abril, do texto íntegro da modificación, significando que contra o referido acordo definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde a presente publicación, nos termos e condicións establecidos na Lei:

1.- No APARTADO - DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACIÓN, engádese un novo apartado que será o 4) denominado CURSIÑOS DE XIMNASIA NA AUGA PARA ADULTOS (pasando os actuais apartados 4, 5 e 6 a configurar os Apartados 5, 6 e 7, coa mesma denominación), co seguinte teor literal:

4) Cursiños de Ximnasia na auga para adultos

A Escola Municipal de Natación oferta cursos de ximnasia na auga para adultos, incluidos adultos da Terceira Idade, co obxectivo de mellorar a funcionalidade ou movilidade física, non resultando preciso saber nadar. Non será preciso ter a condición de socio nin de aboado da piscina.

A duración dos cursiños será de dous meses en horario de mañá, con dúas sesións semanais.

Xove,16 de abril de 2.019.- O Alcalde.- José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1143

Anuncio

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 15 de abril dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilés.

O citado expediente atópase de manifesto ao público na Secretaría do Concello, podendo formularse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de trinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acordo no caso de non formularse reclamacións ou alegacións contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acordo definitivo e o texto íntegro, para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

Xove, 16 de abril de 2019.- O Alcalde. José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1144

Anuncio

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 15 de abril dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

O citado expediente atópase de manifesto ao público na Secretaría do Concello, podendo formularse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de trinte días a contar desde o día siguiente ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acuerdo no caso de non formularse reclamacións ou alegacións contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acuerdo definitivo e o texto íntegro, para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

Xove, 16 de abril de 2019.- O Alcalde. José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1145

Anuncio

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 15 de abril dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras.

O citado expediente atópase de manifesto ao público na Secretaría do Concello, podendo formularse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de trinte días a contar desde o día siguiente ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acuerdo no caso de non formularse reclamacións ou alegacións contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acuerdo definitivo e o texto íntegro, para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

Xove, 16 de abril de 2019.- O Alcalde.- José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1146

Anuncio

Con data 18 de febreiro de dous mil dezanove aprobouse inicialmente polo Pleno desta Corporación a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS.

Téndose exposto o acordo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 48 de 26 de febreiro de 2019 e transcorrido o periodo de exposición pública sen terse producido ninguna reclamación segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo provisional, procedéndose á publicación, en virtude do apartado 2 do artigo 70 da antedita Lei 7/85, de 2 de abril, do texto íntegro da modificación, significando que contra o referido acordo definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde a presente publicación, nos termos e condicións establecidos na Lei:

1.- Modifícase o apartado 6 do Artigo 6 da presente Ordenanza Fiscal, introducíndose unha nova tarifa co seguinte teor literal:

-Ximnasia na auga para adultos: 30,00 €

Xove, 16 de abril de 2.019.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1147

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER**:

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 154/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DOÑA BELÉN DAMARIS LÓPEZ GÓMEZ contra la EMP. "MARCOS MOREIRA VILLARÍN" sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, se han dictado DECRETO de 17-01-2019, y DILIGENCIAS DE ORDENACIÓN DE 30-01-2019, 25-02-2019 y 09-04-2019, cuyas partes dispositivas son, respectivamente, del tenor literal siguiente:

"ACUERDO EL EMBARGO Y RETENCIÓN de los saldos existentes a favor de la empresa ejecutada "MARCOS MOREIRA VILLARIN" en las entidades que figuran en el informe de averiguación patrimonial integral obtenido, y ello en cuanto sea suficiente para cubrir la suma de las cantidades reclamadas y que asciende a **9.286,94 EUROS más el 10% de interés, en concepto de principal, más 1.857,39 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución**. A tal efecto, se da la oportuna orden a través de la correspondiente aplicación informática.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo manda y firma Doña María Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

"Habiendo resultado negativo el embargo acordado por decreto de 17-01-2019, seguidamente se expide y remite el oportuno mandamiento al Registro de la Propiedad de Sarria (LUGO) a fin de que informe sobre si a nombre del ejecutado "MARCOS MOREIRA VILLARÍN" aparecen bienes inmuebles de su propiedad y, en caso de que los hubiese, las cargas y demás gravámenes que pesen sobre los mismos.

Notifíquese esta resolución a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo mando y firmo; doy fe."

"Siendo negativo el embargo acordado por decreto de 17-01- 2019 y habiendo informado el Registro de la Propiedad de Sarria (LUGO) que no existen bienes registrados a nombre del ejecutado, y, quedando pendiente de satisfacer en la presente ejecutoria la cantidad de **9.286,94 EUROS más el 10% de interés, en concepto de principal, y 1.857,39 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución**, y no habiendo encontrado bienes de la propiedad de la empresa ejecutada, de conformidad con el art. 276 de la LJS, **ACUERDO** dar audiencia a la ejecutante DOÑA BELÉN DAMARIS LÓPEZ GÓMEZ y al FONDO DE GARANTÍA SALARIAL para que en el **PLAZO MÁXIMO DE QUINCE DÍAS**, insten lo que a su derecho convenga en orden a la continuación de la ejecutoria designando en tal caso bienes concretos del deudor sobre los que despachar ejecución, advirtiéndoles que de no hacer manifestación alguna se entenderá que muestran su conformidad con el dictado de la insolvencia de la misma.

Notifíquese esta resolución a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo mando y firmo; doy fe."

"A la vista del resultado negativo del anterior exhorto cumplimentado por el Juzgado Decano de Sarria (LUGO), en el que se hace constar que Don Marcos Moreira Villarín no es hallado y que la Cafetería LA POLAR hace

tiempo que cerró, **ACUERDO** practicar las notificaciones de las resoluciones de 17-01-2019, 30-01-2019, 25-02-2019, así como la de la presente resolución, a la parte ejecutada “MARCOS MOREIRA VILLARÍN” a medio de edictos, a cuyo efecto se expide y remite el mismo al BOP de Lugo para su publicación.

Notifíquese esta resolución a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo mando y firmo; doy fe.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a la EMP. “MARCOS MOREIRA VILLARÍN”, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, nueve de abril de dos mil diecinueve.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1094
